



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Urbanismo

*Aprobación definitiva da modificación puntual oitava das NNSS de planeamento do Concello de Bergondo - modificación do ámbito de Gandoiro*

##### ANUNCIO

Mediante Orde do 3 de marzo de 2023 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda apróbase definitivamente a Modificación puntual oitava das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Bergondo, publicada no DOG núm. 54 do 17 de marzo 2023.

O 26 de maio de 2023 foi realizada a inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

De conformidade co disposto nos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e artigo 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello e Bergondo deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas da modificación puntual, unha vez inscrita no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, aos efectos da súa entrada en vigor

De seguido publícanse as determinacións normativas da modificación aprobada de conformidade co artigo 88.3 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e conforme ao artigo 199 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

##### III. NORMAS URBANÍSTICAS

##### Artigo 107. Aliñacións e rasantes

Son as reflectidas nos planos de ordenación referidas aos viarios existentes e propostos, agás aquelas que se vexan modificadas por viarios e normativas relativas a outras administracións, como son os viarios de titularidade provincial, autonómica ou estatal.

No caso de zonas residenciais de tipo II, os viarios serán aqueles que se establezan nos correspondentes Estudos de Detalle.

En tódolos casos a ordenación deberá asegurar a conexión adecuada ao viario periférico, e o viario de acceso deberá conter unha amplitude mínima de 8 m.; 4 m. dende o eixo do viario establecido ata as aliñacións da ordenación.

Naqueles casos nos que os planos de ordenación, conteñan unha dimensión menor, primará o citado no presente artigo.

A documentación da Modificación puntual aprobada pode consultarse na sede electrónica do Concello de Bergondo.

Bergondo, a 22 de febreiro de 2024

A alcaldesa,

Alejandra Pérez Máquez

2024/1283